

## PREGÓN FEIRA DE ARTESANÍA OS MUÍÑOS 2018

Artesáns, amigos, asistentes, autoridades, en especial Sr. Embaixador, ao que tantas cousas me unen e a quen tanto admiro. Benvidos á Feira de Artesanía Os Muíños 2018.

Cando se me propuxo, por segunda vez, facer de pregoeiro desta feira e trala miña primeira negativa, caía de caixón que agora a resposta non podía ser outra que acepta-la honra, non tanto pola insistencia senón porque quen mo pedía eran os artesáns, xenuinos adalides e valedores do evento.

Asumido o reto, xurdiu no meu maxín a cuestión sobre de qué falar, pero iso é o de menos, con tal co discurso teña ritmo e semelle serio, abonda. A cousa era a quen llo estaban a pedir: quizá ao amigo? Ao fillo, sobriño e neto de cacharreiros? Ao profe de filosofía? Ou ao aborixe belixerante do universo Os Muíños? Dado que todas elas son carantoñas das que presumo, estas verbas non poden ser senón mestura líquida, desta miña heteroxénea natureza.

Pola banda do contido, outros indíxenas que me precederon, Xosé Ruiz Leivas (no 2015) e Fran Bouso (no 2016) xa contaron e cantaron as delicias das paraxes e persoaxes dos Muíños. O ano pasado, Francisca López, experta en xestións artesanais empeñouse en matizar e distinguir os conceptos de artista e artesán, falando entreoutras cousas de técnicas e da diferenza entre arte do pobo e arte das elites, demasiada crematística para o meu gusto. En fin, en parte, este pregón, xo volo advirto, vai sela miña discrepante tese ao respecto.

Como amigo loarei a actividade dos artesáns, por suposto especialmente dos que aquí traballan. En tanto que amante do saber unha parte do meu discurso irá sobre arte e fenomenoloxía da experiencia estética... Tranquilos, non marchedes aínda, que a cousa non será para tanto! Para rematar afirmarei a miña fervente pertenza ao universo de augas, pedras, xentes e arte que constitúe Os Muíños.

Xa que non son xente de orde, pode que non sempre se distingan ben estas partes na miña prédica. Aló vamos.

Por mágoa, de neno tuven que redescubrir a imaxe do meu pai. Souben pola súa obra e polos recordos que miña nai e outros que foran amigos de seu me regalaron que era cacharreiro, as visitas explorativas ao Obrador confirmáronmo. Vale! meu pai dedicábase a facer cazolas, chicultureiras, barreños para a zorza e todo un arsenal de obxectos útiles para cociña e a vida diaria. Xa, pero entón porque a miña casa está ateigada de ánforas baleiras, pratos esculpidos colgados das paredes, floreiros sen flores...? Buf!, menudo lio. Creo que meu pai facía cousas útiles e inútiles, isto non resultaba doado de entender para a mente limitada pero curiosa dun pícaro. Para maior sorpresa escoito a miña nai contar que na mesiña de noite do lado do meu pai nunca faltaba papel e lapis e que con frecuencia despertaba de madrugada debuxaba e facía bocetos de cousas e que, ao día seguinte, interrompía a súa produción útil, para facer esos inútiles aparellos. A conclusión apareceu pronto, unha de dúas, ou meu pai tiña dous oficios, ou tiña que reinventar cada noite as formas dalgúns cacharros.

Esta dúbida conviveu comigo ata que co paso dos anos un tal Aristóteles me ensinou dúas cousas: en primeiro lugar que un obxecto artificial non natural, humano en definitiva, é tal pola forma que se lle aplica á materia coa que se traballa (no caso de meu pai, principalmente barro) e que o produto defínese tanto por quen o fai (causa eficiente) como, e sobre todo, pola finalidade ou o para qué foi feito. A segunda lección é tan obvia que case ninguén se para a pensala, a saber, que as máns son a ferramenta de tódalas ferramentas.

Por outra banda lín nalgunhas, a definición de arte máis divertida que coñezo, a arte consiste en producir obxectos sen finalidade clara algunha. Non me costou nada pecha-los ollos e maxinar a meu pai na roda dándolle forma ao barro, facendo unhas veces útil menaxe doméstico e outras aquelas cousas que so parecen servir para seren miradas. Claro, todo vai ben, as máns de meu pai son as mesmas nunha actividade e noutra, así que concluí que el era de oficio artesán e de vocación artista. Pero o que non entendía mui ben era a teima por pórllle adornos ás cousas útiles, por qué pararse tanto en perfecciona-las formas dos obxectos pensados coma ferramentas? Nin coñezo nin coñecín artesán algún que renunciase na súa tarefa a facer formas fermosas. Neste punto da miña pesquisa apareceu Platón, mestre de Aristóteles, ao rescate. No seu mundo ideal no que a idea de ben é orixe e causa de todo, amais da xustiza, o que máis preto está da idea de ben é a idea de beleza. É aquí o argumento da harmonía: artesán facer ben o teu traballo, amais de manexa-la técnica oportuna, esixe facer cousas fermosas.

De tanto mirar ánforas e potas, dinme conta dalgo que desde entón aparecéuseme como indiscutible, non é o facedor quen decide o que é arte ou artesanía, senón quen mira, o espectador é quen decide se o feito é arte ou non. Esta conclusión anticipada veuse confirmada cando coñecín o traballo do filósofo francés do século XX Mikel Dufrenne, resulta que o meu descubrimento non era orixinal, isto anque incomoda tanto a min como a todos aqueles que se definen así mesmos coma artistas ou artesáns, parécese un eloxio da democracia do ver mui digno de ter en conta. Desde agora señores artistas e artesáns, vostedes son o que son polo que consideremos os que observamos as súas producións.

E isto é así porque obra de arte é todo aquilo que suscita ou pode suscitar unha experiencia estética no observador e una tal experiencia pode xurdir tanto da contemplación dun cadro de Mauro Leivas, como de ollar cacharros útiles e inútiles. Segundo Dufrenne mesmo a natureza é obra de arte en tanto que nos propón formas bellas: un amencer, a orde de voo das aves migratorias, ou unha colmea. Ademais, continúa o francés, a natureza non so propoñe experiencias estéticas, senón que entanto é a primeira na orde histórica das experiencias, éo tamen mestra. É a experiencia que nos guiará na contemplación das futuras experiencias. A produción artística ten como marca, tanto o binomio ben-beleza como o feito de que na contemplación do obxecto se altera a nosa percepción cotián do mundo. A arte é ao mesmo tempo natureza armónica e contranatura. A obra de arte pode provocar éxtase, transgresión de normas morais ou leises físicas, sexa como sexa, nunca nos vai deixar indiferentes. Inmerso nestas dilucidacións por fin entendín a razón de destruí-las pezas fallidas, non harmónicas, e a teima pola policromía e ornamento nas obras nadas para facilitar a vida diaria. Qué dicir daqueles aparellos feitos coa intención de non servir para nada, só para velos...

Chegados xa, meus queridos e pacientes sufridores, ao punto que quería dirixirme, ao da loubanza dos artesáns, de todos, vivos e mortos, presentes ou ausentes, pero en especial dos artesáns dos Muíños. O meu eloxio é este, desmíxtica-la vosa tarefa mesmo contra da opinión manifesta de algúns de vós, por min coñecida. O meu galano envelenado é este, quitarvos protagonismo á hora de xulgar as vosas obras. Se estas son arte ou non, é algo que decidimos nós, nós, quen as estamos a ollar. A miña proposta está na liña do moderno hampartismo, pero modificado. Para os descoñecedores do tema, hamparte é aquela obra que acada a categoría de arte por mor do precio acadado no mercado, prescindindo do inxenio ou do talento do acto creativo.. Proba do hamparte é o vaso dauga medio cheo (ou medio baleiro) de Wilfredo Prieto taxado en ARCO hai apenas uns anos en 20.000 euros.

A modificación aquí proposta é que a etiqueta de arte non é froito da actividade do mercadeo de marchantes e coleccionistas, nin siquera é propia do autor. Desde agora, arte é todo aquilo que é visto e xulgado como tal. Esta é unha apoloxética da democracia do mirar, que non admite

diferenzas entre artesán e artista. En definitiva, é a reivindicación do urinario de Marcel Duchamp. Certo é que hai mirares mais cualificados que outros pero iso en ningún caso invalida a nosa primeira tese: Arte é o que se ve como tal, e punto.

Entre tanto caletre, penso nos tapóns de pedra para colonias e nos reloxios imposibles de Vilariño; nos deseños policromados as veces, figurativos ou transgresores outras, de Julieta e Lucía; penso no ferro, na pedra e na madeira mesturadas, mancilladas e reformadas por Mundo; penso nos cacharros dos nosos oleiros, nas máns de Sandra, Nuria e Pepe, auténticas ferramentas aristotélicas, torneando barro para lembra-lo pasado á vez que propórnos formas novas. Penso nos mundos reinventados polos monicreques e a imaxinación de Tom Arenas, en especial no meu ben querido Rayito. Penso nos lenzos de Mauro Leivas. Nos escritos de Xe freyre, de Fran Bouso ou Ruiz Leivas, entroutros. En fin, penso e vexo a obra destes e doutros artista-artesáns e no miralas o que sufro é delirio estético. Non dubidarei en recoñece-la utilidade dalgunha destas produccions, sempre e cando non dubidedes vos en gozar comigo desta experiencia contemplativa.

Agora só nos queda ver, xulgar e na medida da vontade e posibilidades de cada quen, mercar. Chegados aquí gocemos!

Moitas grazas!

Miguel A. Freire Sánchez  
Os Muíños a 28 de xullo do 2018